

## BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFIA PASADA DAS CABRAS 2.019

A Asociación de Sendeirismo "**PASADA DAS CABRAS**" organiza un concurso de fotografía para a promoción e difusión das rutas que realizaremos o longo do ano 2.019.

O obxecto do concurso é premiar as tres mellores fotografías que se reciban no ano 2.019, así como realizar un calendario con unha selección das mesmas para o ano 2.020. No concurso poden participar todas as persoas (socios, amigos, participantes...), que realizen algunha das rutas propostas por esta Asociación de Sendeirismo "**PASADA DAS CABRAS**" no ano 2.019. Non optarán a premio os membros da directiva e familiares directos, pero sí podrán presentar fotografías para o calendario do ano 2.020.

***A data tope para enviar os orixinais das fotos é o 15 de novembro do 2.019.***

**Para participar no concurso, o participante deberá enviar un mínimo de unha foto por ruta e un total máximo de doce en todas as rutas** (podendo ser varias da mesma ruta, pero doce é o tope para todas as rutas do ano, e dicir, pode enviar unha ou doce fotos dunha mesma ruta pero como máximo de todas as enviadas do ano solo doce fotos).

O participante deberá enviar as fotografías en formato dixital o correo [pasadadascabras@pasadadascabras.es](mailto:pasadadascabras@pasadadascabras.es). O tamaño das imáxes, en píxeles, deberá ser de un mínimo aproximado de 2480 x 3508 px. e un máximo de 3508 x 4961 px. Sin meternos en máis tecnicismos e, pensando no uso do móbil de moita xente, esto témolo en calquera dos móbiles actuais. Os que usen cámaras dixitais, réflex e similares máis ou menos actuais, tamén contan seguro con estos mínimos (esto é importante para podelas imprimir con calidade para a exposición).

As fotografías poderán ser en branco e negro ou en cor. No email deberá figurar o título, localización e data da foto, así como a ruta na que se sacou. Acompañarase ca identificación do concursante (nome e apelidos, D.N.I. e teléfono de contacto).

***Finalmente, unha vez cerrado o periodo de recepción de fotografías, a directiva da Asociación "PASADA DAS CABRAS" dará a coñecer @s gañador@s do concurso. O xurado que estará composto por profesionais locais da fotografía e membros da directiva, elixirá as tres fotos gañadoras co primeiro, segundo e terceiro premio e dez máis que todas elas formarán o calendario para o ano 2.020 (aquí si podrán participar membros da directiva e familiares directos según se comentou anteriormente). Todos os participantes terán como mínimo unha foto exposta na exposición que faremos en data a determinar na "Casa da Cultura de Burela".***

Na CEA-BAILE, que se organiza todos os anos, farase público o nome d@s gañador@s do concurso, autorizándose a Asociación "**PASADA DAS CABRAS**", polo solo feito de participar, a difusión por a súa parte do nome e apelidos completos en redes sociais e na web da Asociación ([www.pasadadascabras.es](http://www.pasadadascabras.es)).

O enviar as fotografías, o participante acepta as presentes bases do concurso e autoriza a Asociación "**PASADA DAS CABRAS**" a difusión, distribución e comunicación pública das fotografías en redes sociais e na súa páxina web. Así mesmo, o participante no concurso, cede todos os dereitos das fotografías enviadas a Asociación de Sendeirismo "**PASADA DAS CABRAS**".

A directiva da Asociación "**PASADA DAS CABRAS**" reservase o dereito de excluir do concurso aquelas fotografías que sean obscenas o reproduzan, directa ou indirectamente, escenas de violencia, sexo explícito ou reflexen discriminación racial, social ou de calquera outro tipo que podan atentar a xuízo exclusivo da dirección da Asociación "**PASADA DAS CABRAS**", as normas legais establecidas e calquera tema que atente na básica convivencia e o básico sentido común.

O concursante que envíe a fotografía declara a Asociación de Sendeirismo "**PASADA DAS CABRAS**", que é o autor da fotografía que envía, e que non infringe ningún dereito de autor, nin ningún outro que afecte a unha terceira persoa.

Os premios que se otorgarán serán:

- **1.º Premio: 150 €**

- **2.º Premio: 100 €**

- **3.º Premio: 50 €.**

As tres fotos gañadoras máis dez que elixirá o xurado serán as que compoñan o calendario do ano 2.020, unha foto por mes máis unha central.

A Asociación de Sendeirismo "**PASADA DAS CABRAS**" asume a responsabilidade do pago dos premios, o cual efectuarase directamente na "CEA-BAILE 2.019", sempre e cando @s premiad@s comuniquen a totalidade dos datos necesarios para elo.

@s premiad@s non terán dereito a ningunha outra compensación, retribución ou premio distinta a recoñecida nestas bases, como consecuencia da súa participación no concurso.

A Asociación de Sendeirismo "**PASADA DAS CABRAS**" reservase o dereito a rechazar calquera fotografía que incumpla calquera destas bases.

"PASADA DAS CABRAS" como entidade organizadora, reservase o dereito a relizar modificacións (cancelación ou suspensión anticipada do concurso, añadir anexos a estas bases, publicar modificacións e anexos), sempre publicados ca debida antelación, para coñecemento público na dirección [www.pasadadascabras.es](http://www.pasadadascabras.es) e nas redes sociais.

A participación neste concurso supón a aceptación expresa das presentes bases e a aceptación expresa das decisións interpretativas que da mesma efectúe a Asociación de Sendeirismo "**PASADA DAS CABRAS**".